

la voz de la escuela

www.prensaescuela.es



CARLOS CORTÉS

Niños leyendo fragmentos del «Quijote» en un taller de lectura celebrado durante un reciente Día del Libro

Día Mundial del Libro y del Derecho de Autor

El 23 de abril es un día simbólico para la literatura mundial, ya que en esa fecha de 1616 fallecieron Miguel de Cervantes, William Shakespeare y el Inca Garcilaso de la Vega

La conferencia general de la Unesco celebrada en París en 1995 decidió rendir un homenaje universal a los libros y autores en esta fecha, el 23 de abril, alentando a todos, y en particular a los jóvenes, a descubrir el placer de la lectura y a valorar las irreemplazables contribuciones de aquellos que han impulsado el progreso social y cultural de la humanidad. Con tal objetivo creó el Día Mundial del Libro y del Derecho de Autor, que se celebra el 23 de abril. Entre las conmemoraciones que recoge nuestro calendario escolar destacamos también la Semana do Libro, que se iniciará el próximo lunes y finaliza el viernes 30.

ATENAS, CAPITAL MUNDIAL

Cada año, la Unesco y las tres organizaciones profesionales internacionales del mundo del libro (la Unión Internacional de Editores, la Federación Internacional de Libreros y la Federación Internacional de Asociaciones e Instituciones Bibliotecarias) eligen una capital mundial del libro cuyo mandato empieza cada 23 de abril. El comité eligió Atenas para el 2018 por la calidad de las actividades que lleva a cabo, que cuentan con el apoyo de todo el sector editorial.

■ **Cervantes, genial maestro del periodismo.** En la primerísima página de su libro sobre el famoso hidalgo don Quijote de la Mancha, Cervantes nos da una perfecta lección de las siete claves que Quintiliano promulgaba sobre la descripción de la noticia: quién, qué, donde, por qué, con qué, cómo, cuándo, que el periodismo sigue manteniendo a través de los tiempos. Un ejemplo más de que libro y noticia pueden y

deben conjugarse plenamente, lo cual es un buen aliento para los objetivos del Programa Prensa-Escuela:

«En un lugar de la Mancha (*ubi / dónde*), de cuyo nombre no quiero acordarme (*cur / por qué*), no ha mucho tiempo (*quando / cuándo*) que vivía (*quid / qué*) un hidalgo (*quis / quién*) de los de lanza en astillero, adarga antigua, rocín flaco y galgo corredor (*quibus auxiliis / con qué*).

»Una olla de algo más vaca que carnero, salpicón las más noches, duelos y quebrantos los sábados, lentejas los viernes, algún palomino de añadidura los domingos (*quid*) consumían las tres partes de su hacienda (*cur*).

»El resto della concluían sayo de velarte, calzas de velludo para las fiestas con sus pantuflos de lo mismo (*quid*), y los días de entre semana (*quando*) se honraba con su vellorí de lo más fino (*quid*).

»Tenía en su casa una ama (*quis*) que pasaba de los cuarenta (*quando*), y una sobrina (*quis*) que no llegaba a los veinte (*quando*), y un mozo de campo y plaza (*quis*), que así ensillaba el rocín como tomaba la podadera (*quomodo*)».

■ **Quintiliano, maestro de escritores.** Marco Flavio Quintiliano nació en Calahorra, Logroño, el año 35. Inventó el clásico hexámetro con las siete claves: *quis, quid, ubi, quibus auxiliis, cur, quomodo, quando*, que permaneció hasta nuestros días como una llave mágica para el desarrollo y análisis de la noticia periodística. ¿Pudo ayudar a la genialidad del *Quijote* o cada uno acertó por su cuenta y talento?



actividades

■ Una buena idea:

Aquel día, el profesor de cada una de las 23 secciones del colegio dijo a sus alumnos que no trajeran de su casa los libros de texto. Solamente su libro de lectura, cuento o novela preferida. Al llegar a clase, cada alumno, desde los más pequeños, presentaron al resto de sus compañeros en el aula por qué ese cuento o novela era su preferida. Después le pidió a cada alumno que escribieran una

página con sus razones de preferencia y sus respuestas a las preguntas que le hicieron sus compañeros.

■ Biblioteca nueva:

Con todo ello, cada profesor editó en los talleres del colegio un libro, 23 libros correspondientes a las 23 secciones: en tres años que duró la experiencia, se formó una biblioteca de libros, hoy en día la más concurrida en esta fiesta. ¿Es posible? ¿Por qué no? ¡Pues áni-

mo, empecemos!

■ Y recuerda:

El plazo para participar en el concurso Mejor Periodista Infantil y Juvenil 2018 está próximo a cerrarse. Quedan tan solo 12 días para entregar los trabajos. La semana que viene es la semana del libro y de buenos lectores han salido los mejores escritores. Lo que decíamos antes: libros y noticias unidos. ¿Te animas a participar?

> 4-5

Benito Pérez Galdós, el genio del arte de narrar



> 6

Escándalos que lixaron as boas accións das oenegués



> 7

0 Día Internacional da Terra, contra a contaminación dos plásticos



Participa en el concurso Mejor Periodista Infantil y Juvenil 2018

El plazo finaliza el 30 de abril

Pequenos pero grandes relatos

Prensa-Escuela premia tres ficcións creadas a partir de noticias publicadas en La Voz de Galicia

A cuarta edición do concurso de Microrrelatos Prensa-Escuela rematou con dous premiados e unha mención especial. Nee Barros, do CPR La Inmaculada (Marín), namorou o xurado co seu texto *Réquiem* e Carlos

Vázquez, do Colexio Plurilingüe Divina Pastora (Ourense), fixo o propio co público con *La mejor cura para los embalses*, que converteu o seu microrrelato no máis votado de todos os participantes. O xurado quixo tamén

conceder unha mención especial ao *Frankenstein* creado por Héctor Dorribo, do CEIP Altamar (Vigo).

O concurso é unha iniciativa convocada polo programa educativo de La Voz de Galicia, desenvolvido pola Fun-

dación Santiago Rey Fernández-Latorre. O obxectivo do certame é crear un texto de ficción partindo dunha nova publicada no xornal.

> M. Simón Gómez



PREMIO DO XURADO

Réquiem

Aínda o lembro, lembro a túa aperta doce e quente cando chegaba correndo e non tiña outro sitio onde agocharme. Lembro as horas que pasei ao teu carón, en silencio, esperando a que todo pasase dunha vez. Cantas historias terás escoitado ti xa? Se falases serías coma un libro, a personificación de Castelao, ou quizais de Álvaro Cunqueiro. Non o sei. Por que te fuches? O teu baleiro aínda se sente coma unha agulla que perfora e rebenta os nosos corazóns. Non sabemos que imos facer sen ti. Non sabemos que imos facer cando nos enchouremos de frío, auga e medo. A quen acudiremos? Quen será o que nos salve? Por agora, vai ser mellor que cale. Non é de boa educación falar no velorio dunha marquesiña.

■ **Nome e apelidos do autor:** Nee Barros Fernández

■ **Centro educativo:** CPR La Inmaculada

■ **Curso:** 4.º de ESO

■ **Localidade:** Marín, Pontevedra

■ **Ligazón á noticia de www.lavozdeg Galicia.es na que se inspira o relato:** <https://bit.ly/2IGtJc3>



PREMIO DO PÚBLICO

La mejor cura para los embalses

Los embalses de Galicia estaban enfermos con la sequitis (que es sequía). Cuando fueron al doctor, él les dijo: —Hmmm. Ya sé lo que necesitáis: ¡la lluvia! Entonces ellos fueron a la farmacia Nubecita, donde reservaron muchas lluvias. Cuando estas llegaron, los embalses de Galicia se recuperaron, y la presa A Mariña que abastece a Alcoa (junto con otras presas), abrió otra vez sus compuertas.

■ **Nome e apelidos do autor:** Carlos Vázquez Gómez

■ **Centro educativo:** Colegio Plurilingüe Divina Pastora Franciscanas

■ **Curso:** 5.º A de primaria

■ **Localidade:** Ourense

■ **Ligazón á noticia de www.lavozdeg Galicia.es na que se inspira o relato:** <https://bit.ly/2Hicvox>

MENTIÓN ESPECIAL

Frankenstein

Meu Deus, vaia sesta! 142 anos durmindo. Agora a estirar as pernas... Saíu á rúa escrutando a cidade. Uns carros a toda velocidade ían pola estrada, sen cabalos! As casas atopábanse unhas enriba doutras, e as persoas camiñaban mirando unha pequena táboa brillante ou cunhas pequenas cordas atadas ás orellas. —Ese disface de Frankenstein é moi bo! —díxolle un mozo cunha desas táboas. —Di... disface?" —pensou el—. Dá o mesmo, hora de matar a alguén. Sen reparar nas tolemias daquel lugar, atopou unha muller soa, sentada nunha cadeira de pedra. Ela, ao velo, díxolle: —Oh, que disface máis logrado! Podo facer un *selfie* contigo? Colleu a táboa e colocouna diante deles. Era como un espello. —Vou subilo a Facebook... —A humanidade está tola! Vou ver se durmo de novo e non esperto...



■ **Nome e apelidos do autor:** Héctor Dorribo Vázquez

■ **Centro educativo:** CEIP Altamar

■ **Curso:** 6.º de primaria

■ **Localidade:** Vigo

■ **Ligazón á noticia de www.lavozdeg Galicia.es na que se inspira o relato:** <https://bit.ly/2GR6mQw>



JOSE MANUEL CASAL

As veces, a soidade é unha elección do cativo de carácter máis tranquilo e reflexivo

Estou ben a soas, grazas

A timidez é un trazo de personalidade que non ten por que ser un problema

Lola é unha nena que apenas se relaciona cos seus compañeiros de 6.º de primaria. Nin sequera é capaz de levantar a man en clase para preguntar unha dúbida e, no caso de que o profesor lle dirixa a palabra,ponse colorada e tarda uns segundos en contestar cunha vocifera imperceptible. Cando teñen que formar grupos para facer un traballo, sempre queda fóra deles: nin ela se achega ao resto dos compañeiros nin eles a invitan a formar parte dos seus equipos.

É unha nena demasiado calada e seria. Así que é o profesor quen ten que obrigá-la a algún dos grupos a aceptala como unha máis. Cando toca o timbre do recreo e todos os demais se apresuran en saír ao patio, ela vai moi amodo. Se lle deixan, queda sentada no seu sitio debuxando no

seu caderno ou lendo un libro. Pero como a norma é que no recreo ningún pode permanecer na aula, sae de mala gana e séntase nalgún recuncho a amoldar unhas galletas. «Que soa está sempre esa nena de sexto —adoitan comentar entre si os profesores de garda—, pero tampouco amosa ningún interese por relacionarse cos demais, ata pon cara de poucos amigos cando algunha compañeira intenta falar con ela». «Eu creo que está soa porque quere», é a conclusión á que adoitan chegar. Talvez neste caso, pero non sempre é así. Vexamos por que.

É verdade que existen persoas introvertidas, normalmente cunha rica vida interior, que non necesitan tanto depender do resto da xente como outras. Están a gusto na súa soidade.

Así que esta circunstancia non ten por que ser ningún problema, todo o contrario. Adoitan ser:

- Tranquilos e reflexivos.
- Cunha personalidade forte e ben estruturada.
- Observadores, analíticos e prudentes.
- Discretos, con alto nivel de autocontrol.
- Con boa capacidade para a escoita e a conversación tranquila.
- Creativos e con moita imaxinación.

E ademais con competencia social. É dicir, aínda que a maior parte do tempo elixen estar a soas, cando lles interesa establecer relacións sociais fano sen especial dificultade.

O problema é cando esa actitude insociable e esquiva esconde en realidade unha falta de confianza nun

mesmo, baixa autoestima, conflitos afectivos ou incompetencia social, ata o punto de que esta circunstancia interfere negativamente no seu benestar persoal, emocional ou social. Por exemplo, amosan incapacidade para establecer relacións satisfactorias cos seus iguais, bloqueos por ansiedade ante exames orais ou imposibilidade de participar en situacións sociais habituais (festas de aniversario, reunións familiares...). Nestes casos a soidade non é unha circunstancia elixida, senón a única opción, que ademais produce moito sufrimento. Nestes casos precisase de intervención a nivel profesional.

Ana T. Jack

anatjack@edu.xunta.es

Se o teu cativo se pasa de introvertido...

■ Evita a sobreprotección e deixa que sexa el quen se enfrente ás situacións sociais habituais: facer compras, pedir cambio, chamar por teléfono, dar recados... Gañará seguridade en si mesmo e na súa propia competencia social.

■ Non lle obrigues a verse exposto a situacións sociais que rexeita de plano (poderías pólo en evidencia e isto daríalle máis inseguridade), pero animálle a ensaiar habilidades básicas. Podes empezar por invitar a un ou dous compañeiros a casa para realizar algunha actividade na que el se atope

máis a gusto co fin de que vaia collendo confianza. Facilita tamén que acuda a casas de amigos ou compañeiros.

■ Anímalle a expresar as súas emocións sen sacarlles importancia aos seus temores ou inseguridades.

■ Fala cos seus profesores e pide, se é posible, en función da organización do centro, que coincida na mesma aula con algún compañeiro co que se sinta máis a gusto.

■ Apúntao a algunha actividade extraescolar na que se sinta competente

e que lle resulte atractiva. A actividade de teatro adoita ser de grande axuda.

■ Axúdalle a identificar os pensamentos irracionais que lle provocan o bloqueio emocional, do tipo «vou facer o ridículo», «rirán de min», para que os substitúa por outros como «vouno facer ben», «son capaz».

■ Facítalle un ambiente rico en contextos sociais nos que poida participar en diferentes actividades (lúdicas, musicais, deportivas, culturais...) nas que teña que relacionarse con persoas de todas as idades.

■ Fortalece a súa autoestima recordándolle os seus puntos fortes e evitando en todo momento as etiquetas do tipo «es un cocón», «vaia tímido que estás feito» ou «así nunca vas conseguir facer amigos».

■ Evita que se ille a través das novas tecnoloxías e que se conforme coas relacións virtuais ou os amigos das redes sociais.

■ Acompaña no seu proceso de maduración progresiva con paciencia, aceptación, comunicación e, sobre todo, moito afecto.

Una educación de calidad empieza con una buena información.

Suscríbete ya a la newsletter de educación
www.lavoz.es/newsletter

► Reportajes exclusivos
 Entrevistas
 Informes nacionales e internacionales
 Actualidad educativa
 DOG

Todo está cambiando

> MAESTROS DE LA LITERATURA UNIVERSAL

Benito Pérez Galdós, la natural


Nos seguimos ocupando de escritores europeos y americanos que llevaron la literatura a un nivel de gran calidad. mismas sin la aportación literaria de cada uno de ellos. De este modo queremos rendir un homenaje a su memoria

Fue para muchos escritores, críticos y profesores de literatura el más grande narrador español después de Cervantes. También el más notable representante del realismo en España e iniciador del naturalismo en nuestras letras, por todo lo cual tuvo fervientes seguidores entre los novelistas españoles posteriores a él, que no han dudado en proclamar la enorme importancia que para ellos tuvo el magisterio de don Benito. A modo de ejemplo, sírvannos estas palabras de Rafael Chirbes, el gran novelista valenciano, muerto prematuramente hace un par de años: «Galdós no es un narrador tradicional, sino un narrador total, un maestro que, eso sí, se sitúa en el polo opuesto de los escritores que convierten su trabajo en espectáculo. En las novelas de Galdós las cosas fluyen sin dar nunca la impresión de que son fruto de un gran esfuerzo. Se diría que el escritor no existe, que todo nace inocentemente, con extrema facilidad. Hasta ahí llegan su respeto por el lector y su elegancia».

FORMACIÓN Y PRIMEROS PASOS

Benito Pérez Galdós nace en Las Palmas de Gran Canaria en 1843. Es el décimo y último hijo de un coronel del ejército y de una vasca de mucho carácter. Desde pequeño se aficiona a los relatos históricos que escucha de boca de su padre, que, como militar, había participado en la Guerra de la Independencia. Estudia bachillerato y destaca por su buena memoria y por sus aptitudes para el dibujo. Al terminar estos estudios, llega a su entorno familiar una prima adolescente, Sisi, que desequilibra emocionalmente al joven Galdós. Para evitar males mayores, su madre lo envía lejos, a Madrid, para que curse la carrera de Derecho, año 1862. La distancia hace que su ardor amoroso se apaque, y se va introduciendo en la vida académica y cultural de un Madrid muy vivo y revolucionario, en los últimos años del reinado de Isabel II.

Conoce a intelectuales importantes del momento, como al fundador de la Institución Libre de Enseñanza, Francisco Giner de los Ríos, quien lo anima a escribir y a interesarse por las ideas krausistas. Frecuenta los teatros y el Ateneo, al que acude a leer aquellos libros que no podría comprar, y a escuchar conferencias literarias. En una de ellas conoció a Leopoldo Alas, Clarín, con el que mantendrá para siempre una profunda amistad. No destacó como alumno en las aulas de Derecho, porque su mayor interés estaba en las tertulias, lecturas y paseos por una ciudad que lo deslumbró desde su llegada. Empezó, también, a colaborar en periódicos y revistas. Así, en 1867 hizo su primer



Galdós, retratado por Sorolla

viaje al extranjero, como corresponsal en París, para dar cuenta de la Exposición Universal. Volvió con las obras de Balzac y de Dickens y tradujo de este, a partir de una versión francesa, su obra más cervantina, *Los papeles póstumos del Club Pickwick*, que se publicó por entregas en *La Nación*. Toda esta actividad supone su inasistencia a las clases de Derecho, por lo que, en 1868, acabarán dándole de baja en la

LOS «EPISODIOS NACIONALES» DISECCIONAN LA VIDA DIARIA DE LA GENTE NORMAL EN EL XIX

Facultad. Este año es el de la caída de la reina Isabel II, y Galdós va a seguir en primera línea los acontecimientos revolucionarios de la Gloriosa. Está en Madrid cuando la ciudad es tomada por los generales Serrano y Prim. Durante el año siguiente escribirá crónicas periodísticas sobre la nueva

Constitución que se está elaborando.

Poco a poco se va convirtiendo en un escritor, que vive de escribir (colabora, y luego dirige, la *Revista de España*, colabora en el periódico *El Debate*) y que empieza con mucho brío su carrera literaria (publica su primera novela, *La fontana de oro*, 1870).

En 1873 empieza a publicar *Los episodios nacionales*, que son una colección de cuarenta y seis novelas históricas, redactadas entre 1872 y 1912. Están divididas en cinco series y tratan la historia de España desde 1805 hasta 1880. Son obras que se pueden leer en cualquier momento de la vida porque reflejan no solo hechos históricos importantes, sino porque nos diseccionan la vida diaria de la gente normal en España a lo largo de todo el siglo XIX.

VIDA INTELECTUAL Y FÍSICA TRANQUILA

Su vida en Madrid es organizada y cómoda. Primero con dos hermanas y luego en casa de su sobrino José Hurtado de Mendoza. Se levanta muy temprano, escribe hasta las diez de la mañana y después sale a pasear por las calles de Madrid, a observar a la gente y a escuchar sus conversaciones,

cuyos giros y variedades luego traslada a sus novelas. Por la tarde lee mientras se fuma un buen puro canario, y sus autores favoritos son los clásicos castellanos, ingleses y griegos: Cervantes, Lope de Vega, Shakespeare, Dickens y Eurípides. También dedica un tiempo por las tardes a escuchar música, otra de sus aficiones, hasta el punto de que durante un tiempo hace crítica musical en los periódicos. Se acuesta temprano y esa regularidad le permite escribir a razón de cien páginas por mes.

Es un asiduo de las tertulias literarias y políticas que abundan en el Madrid de la época. Suele acudir a la del Café de la Iberia, a la de la cervecería Inglesa y a la del viejo Café de Levante. A partir de 1872, Galdós escapaba de los atosigantes veranos madrileños y se iba a Santander, en donde llega a comprar una casa en El Sardinero, la conocida como finca de San Quintín, visitada por muchos escritores en esos días de verano, especialmente por el santanderino José María Pereda, un buen amigo suyo, a pesar de tener ideologías muy distintas.

> José A. Ponte Far

Idad de narrar

Ni la poesía ni, sobre todo, la novela actuales serían las a y ayudar a que sean un poco mejor conocidos

Su importancia

Galdós es considerado por muchos especialistas uno de los mejores novelistas en castellano después de Cervantes. Lo avala su obra, con cerca de cien novelas, casi treinta obras de teatro y una colección importante de cuentos, artículos periodísticos y ensayos. Como le ocurriría, en menor grado, a su contemporáneo y amigo íntimo Clarín, Galdós fue asediado y boicoteado por los sectores más conservadores de la sociedad española, ajenos a su valor intelectual y literario. Diversos estudiosos de la obra galdosiana y de su proyección social coinciden en que ese sabotaje de los poderes fácticos, encabezados por una Iglesia tradicionalista y una derecha política retrógrada, se debió a sus ideas anticlericales y sus convicciones políticas republicanas y socialistas.


Cuando en 1912 Galdós fue propuesto para el Nobel de literatura, «el elemento oficial y reaccionario» (incluyendo la propia Real Academia Española y la prensa tradicionalista católica) vio la oportunidad de vengar por

fin las ofensas que, desde su sensibilidad y obcecación, suponían —por «su serenidad y sinceridad»— la persona de Galdós y su obra. Y desataron una campaña nacional e internacional que impidió que le dieran el premio no solo en 1912, sino también en 1913 y en una tercera convocatoria en 1915 (cuya propuesta en esa ocasión había partido de una mayoría de miembros de la propia Academia sueca). Una comisión de altos cargos políticos y literarios españoles se desplazó a Estocolmo con la misión de convencer a los académicos suecos de que Galdós no era merecedor de tan alto premio. Uno de los académicos lo contaría más tarde en una entrevista, en la que mostraba su asombro porque, según él, en años anteriores se habían desplazado a Estocolmo comisiones parecidas de distintos países para pedir que le diesen el Nobel al compatriota respectivo. En el caso de Galdós, era la primera vez que una comisión iba a pedir que no se lo diesen a un ciudadano español. Y nuestro gran escritor se quedó sin el Nobel.

Vida sentimental agitada

No obstante, y a pesar de permanecer toda su vida soltero, Galdós tuvo una agitada vida sentimental. Tuvo muchas amantes, reconoció ser el padre de una hija (María Galdós Cobián, nacida de su relación con la modelo Lorenza Cobián González), pero nunca llegó a vivir con ninguna mujer. Era un solterón empedernido, con unas ideas un tanto arbitrarias en cuanto a su relación con ellas. Por un lado, era un defensor del amor libre y la libertad sexual de la mujer, pero por otro actuaba como el más común de los amantes de entonces: las mantenía en secreto, reclusas en la casa que él visitaba, sin más visibilidad. Por eso es tan llamativa la relación que mantuvo con Emilia Pardo Bazán, escritora ya consagrada y popular, porque fue una relación de igual a igual, en la que las teorías amorosas de don Benito las puso en práctica su amante.

En las letras españolas es difícil dar con una relación tan subyugante como la de Pardo Bazán y Pérez Galdós, que se simultanearon (con otras y otros) y se respetaron como escritores y amantes (actitud bien difícil en ambos gremios). Fueron unos modernos del XIX, que cayeron en un único convencionalismo: la clandestinidad. Entre 1888 y 1890 compartieron horas sin ninguna prudencia ni miramientos: «Le hemos hecho la mamola al mundo necio, que prohíbe estas cosas; a Moisés, que las prohíbe también, con igual éxito; a la realidad, que nos encadena; a la vida que huye; a los angelitos del cielo, que se creen los únicos felices, porque están en el Empíreo con cara de bobos tocando el violín... Felices, nosotros», le escribe en una carta doña Emilia a don Benito. Por cierto, las cartas que la escritora le escribió a Galdós, recogidas en *Miquiño mío* (editorial Turner), son un ejemplo



Carta de Pardo Bazán a Galdós

de desinhibición, que hacen de Emilia Pardo Bazán una moderna feminista. Frases de esta guisa: «Te como un pedazo de mejilla y una guía del bigote», «Yo haría por ti no sé qué barbaridad», «En cuanto yo te coja, no queda rastro del gran hombre» o «En prueba te abrazo fuerte, a ver si de una vez te deshago y te reduzco a polvo» lo confirman. Lamentablemente no se conservan las cartas de Galdós en dirección contraria. «Toda la correspondencia de Emilia Pardo Bazán se ha perdido. O bien su hija Blanca la quemó o, según la leyenda, la destruyó Carmen Polo en Meirás [el pazo coruñés regalado a Franco por forzosa suscripción popular]. Lo más probable es que ocurriesen las dos cosas, que su hija tuviera miedo de la literatura comprometida y que Carmen Polo se cargase lo que hubiese encontrado en los cajones», explica la historiadora Isabel Burdiel.

España y Madrid en las novelas de Galdós

En Galdós, especialmente a raíz de las llamadas novelas contemporáneas (*La desheredada*, 1881; *El amigo Manso*, 1882; *El doctor Centeno*, 1883; *Tormento*, 1884; *La de Bringas*, 1884; *Lo prohibido*, 1885; *Fortunata y Jacinta*, 1886-87; *Miau*, 1888; *La incógnita*, 1889) y las conocidas como novelas contemporáneas del ciclo espiritualista (*Ángel Guerra*, 1890; *Tristana*, 1892; *La loca de la casa*, 1892; *Torquemada en la cruz*, 1893; *Nazarín*, 1895; *Misericordia*, 1897; *El abuelo*, 1897; *Casandra*, 1905), se puede decir que Madrid es un personaje más de esas novelas. Hay estudios realizados sobre el plano de Madrid de 1883 en el que se recogen más de 150 localizaciones citadas por Galdós que comprenden domicilios, cafés, comercios, salas de espectáculos, lugares públicos e iglesias. La mayoría de estos edificios ya no existen, aunque hay algunos que sobreviven a la furia de la pala destructora que ha invadido la mayoría de las ciudades españolas: Almacenes El Botijo, en la calle Toledo, Lhardy, en la carrera de San Jerónimo, o el restaurante Botín, en la calle Chuchilleros

(donde dicen que trabajó Goya de camarero) son lugares que se mantienen vivos y en pie, como la literatura de Galdós.

Además de reflejar como ningún otro en la literatura la vida y la gente de Madrid, se podría decir también que es el mejor novelista que retrata la vida de España. Una España, la que él vivió, muy conflictiva y en constante proceso de renovación de ideas y costumbres, pero se puede afirmar que para estudiar y conocer esa época de la historia de España las novelas de Galdós son tan necesarias como las crónicas de los periódicos y los estudios propios de los historiadores.

Las novelas de Galdós se mueven constantemente por la geografía madrileña y española. Lo resume muy bien Rafael Chirbes, por volver a citar al novelista más galdosiano entre los contemporáneos: «El lector de Galdós entra en cualquier parte,



Galdós leyendo galeradas de su discurso de ingreso en la Academia Española. 6 de febrero de 1897. Colección Sáenz de San Pedro

visita los cuartuchos malolientes del Rastro madrileño; los comedores, cocinas y dormitorios donde discurre la vida de la clase media; los vestidos, los despachos, los salones aristocráticos en los que se celebra una fiesta; los cafés: el aire cargado de humo y su vibrante agitación. Recorre

de la mano del narrador los encinares y los campos de olivos de Toledo y de Córdoba, ve desplegarse desde la ventanilla de un tren los campos «trasquilados y amarillos» de Castilla, las tierras yermas, las borrosas imágenes de los campesinos pobres, un paisaje que es cristalización de una historia de injusticia.

En sus novelas Galdós nos muestra cómo se hizo una nación, cómo España fue adquiriendo hechura y cómo los españoles fuimos comprendiendo el sentido de nuestra propia historia. Por si estas cuestiones no estaban claras, vinieron a esclarecerlas las películas que se hicieron sobre algunas de sus obras más importantes: *Fortunata y Jacinta*, de Angelino Fons o la extraordinaria posterior versión televisiva que llevó a cabo Mario Camus en 1980, *Tristana*, de Luis Buñuel, y *Tormento*, de Pedro Olea.

Oenegués na picota

Os abusos dalgúns membros destas organizacións que saíron recentemente á luz pública afectaron negativamente a todas elas

«Corruptio optimi pessima» (a corrupción dos mellores é a peor de todas). Iso é o que sentenciaba un adaxio latino que hai quen atribúe a Aristóteles e que tamén Virxilio recolle na súa *Eneida*. E iso é o que está a pasar na actualidade coa crise das oenegués por mor dos abusos cometidos por importantes responsables de Oxfam durante as súas actuacións despois do terremoto ocorrido hai algúns anos en Haití. A súa desprezable conduta desprestixiou a súa asociación e colocou todas as demais organizacións non gobernamentais no punto de mira de toda a sociedade. Numerosos socios e colaboradores déronse de baixa delas pondo en perigo a continuidade dos seus programas, e o desánimo pode afectar na entrega desinteresada de numerosos voluntarios para embarcarse en novos proxectos de axuda humanitaria. Por iso é necesario botar unha man para recompor o seu prestixio e o seu bo nome, evitar que paguen xustos por pecadores e evitar tamén o perigo de que proxectos de grande axuda acaben perdéndose ou danándose seriamente.

UNHAS INSTITUCIÓNS IMPRESCINDIBLES

Na vía social xorden cada día problemas e situacións que as Administracións públicas e os Gobernos non son capaces de solucionar. Afectan a persoas ou grupos sociais que necesitan un apoio do resto da sociedade para poder solucionar os problemas que lles afectan. Ante estas situacións, hai persoas con sensibilidade que se organizan para prestar apoio e así xorden institucións que canalizan a solidariedade. Estas institucións son coñecidas co nome xenérico de ONG, siglas que corresponden a organización



Un grupo de nenos de Novozybkov, cidade afectada polo desastre nuclear de Chernóbil, xogan na praia de Sabón (Arteixo) grazas á oenegué Leticia Cativa

non gobernamental. Proceden da sociedade civil, é dicir, da sociedade que se organiza de modo espontáneo, fóra das canles gobernamentais ou da Administración pública. Son, xa que logo, sociedades privadas, pero que teñen uns fins e obxectivos que as aproximan ao público e que non son nin o lucro nin ningunha clase de beneficio propio, senón a colaboración para solucionar os problemas doutras persoas. Fíxéronse imprescindibles para paliar en países subdesenvolvidos problemas de fames negras, de saúde, de enfrontamentos raciais, de xenocidios, etcétera. Todo o cal incrementa

a gravidade do ocorrido.

É probable que a primeira oenegué da historia e a que serviu de modelo ás que viñeron despois fose a Cruz Vermella, que se fundou en Suíza no ano 1863 para prestar auxilio médico aos feridos de guerra en calquera bando. Protexida polos convenios internacionais que se asinaron, a Cruz Vermella, ou a Media Lúa Vermella, converteuse nunha organización internacional de carácter neutral e independente de calquera goberno ou exército.

> Fernando Pariente

actividades

A1. A relación de oenegués facilitada pode servir de base para confeccionar un ficheiro no que se recollan esas e outras. Investígame na Rede e nos medios de comunicación para completalo.

A2. Investígame se na vosa localidade ou na súa contorna hai algunha delegación dalgunha oenegué e buscade nelas información directa e formas de colaboración posible. Pedide información na rúa a algún dos voluntarios que a están ofrecendo de modo permanente. Organízade en clase algunha sesión informativa invitando a algún destes voluntarios.

A3. Todas as oenegués teñen o seu logotipo, que serve para identificalas. Buscade en Internet o de cada unha e facede unha exposición de logotipos para afacerlos a distinguilas.

A4. Hai outros movementos globais que traballan pola defensa dos dereitos humanos ou a protección e conservación do medio ambiente, como Amnistía Internacional, Greenpeace ou World Wild Fund for Nature (WWF), que contan con millóns de colaboradores en todo o mundo. Buscade información sobre eles.

O territorio da solidariedade

As oenegués xurdidas desde estas orixes presentan unhas características parecidas. Son institucións supranacionais cuxa acción se desenvolve por moitos territorios. Son independentes dos Gobernos e das Administracións públicas. Son neutrais e autónomas na execución dos seus proxectos. Dedicáanse á solución de problemas obxectivos que as definen, por exemplo a saúde de grupos sociais desfavorecidos, a protección dos dereitos dos detidos, a protección das poboacións indíxenas, etcétera. Sostéñense economicamente polas achegas voluntarias dos seus socios e colaboradores. Executan os seus proxectos mediante o traballo de cooperantes voluntarios. Estas institucións están facendo un traballo fundamental para a instauración dunhas sociedades máis xustas. Serven non só para paliar en parte os problemas sociais que afectan o mundo, senón tamén para estimular e desenvolver o espírito de solidariedade, cada vez máis necesario nun mundo globalizado. Ninguén poderá dicir hoxe que non ten ao seu alcance canles para prestar a súa colaboración voluntaria para que o mundo no que vivimos sexa cada día un pouquiño mellor.

FORMAS DE AXUDAR

As actividades das distintas oenegués aparecen en todos os medios de comunicación e as súas reclamacións de colaboración son permanentes. Numerosos voluntarios asáltannos cada día en rúas e prazas para convencernos de que colaboraremos con eles. A poboación presta dous tipos diferentes de axuda a estas institucións. Moitos ofrecen achegas pecuniarias. Fanse socios da oenegué e abonan periodicamente unha tarifa determinada. Deste xeito fan posible que se realicen os seus proxectos. Pero tamén hai quen se converte en voluntarios e achegan a súa actividade e o seu traballo á execución dun proxecto determinado. A algúns esta actividade ocúpalles algunhas horas á semana, pero hai tamén quen regala todo o seu tempo durante meses ou anos da súa vida, incluso trasladándose a outros países onde desenvolven a súa acción solidaria en beneficio de quen os necesita. Estas persoas son os cooperantes. Na actualidade calcúlase que hai máis de 1.400 españois traballando de forma voluntaria en América Latina, África e Extremo Oriente. A eles hai que engadir 14.100 misioneiros.

Coñeces estas organizacións?

Cruz Vermella

■ 1.305.000 socios e 202.490 voluntarios en España (2016). **Orzamento anual:** 546.652.000 de euros (2016).

■ Esténdese por todos os países do mundo. Aínda que en principio foi creada para a atención dos feridos en conflitos bélicos, na actualidade estendeuse o seu campo de acción a calquera tipo de atención para mellorar a saúde das persoas.

Medicus Mundi

■ 4.888 socios e 557 voluntarios. **Orzamento:** 11.123.714 de euros (2016).

■ Proponse a defensa da saúde como dereito humano, e promove a defensa do sistema público de saúde que garanta a equidade e a universalidade dunha atención sanitaria de calidade.

Médicos Sen Fronteiras

■ Persoal colaborador:

5.476. Voluntarios desprazados: 1.267. **Socios:** 453.293. **Orzamento:** 182.715.379 de euros (2016).

■ Proporciona asistencia médica e humanitaria a poboacións que se atopan desatendidas, vítimas de conflitos bélicos, epidemias, fames negras ou catástrofes naturais.

Mans Unidas

■ 77.540 socios e 5.089 voluntarios en España. **Orzamento:** 48.904.645 de euros (2016).

■ É unha organización nada no ámbito da Igrexa católica. O seu obxectivo é sensibilizar á poboación e captar axudas para os países do Terceiro Mundo. Promove proxectos de desenvolvemento en África, América Latina e Asia.

Oxfam Intermón

■ 236.000 socios, 70.922 voluntarios. **Orzamento:** 100.373.238 de euros (2016).

■ O seu obxectivo é a mellora de poboacións desfavorecidas en América, África e Asia. Promove proxectos de desenvolvemento e acción humanitaria.

Cáritas Española

■ 85.000 voluntarios en España. 4.800 traballadores contratados (2016). **Orzamento:** 358.000.000.

■ Organización creada pola Conferencia Episcopal e pertencente á Igrexa católica. O seu ámbito de actuación é España. O seu obxectivo é paliar as desigualdades sociais e loitar contra a pobreza e a exclusión social.

Save the Children

■ 84.862 socios e 343 voluntarios en España (2016). **Orzamento:** 30.000.000 de euros.

■ Institución dedicada á protección dos nenos, a prevención dos abusos e a defensa dos seus dereitos.

O Día Internacional da Terra

A celebración promove este ano acabar coa contaminación que provocan os plásticos

Unha das maiores preocupacións de Gobernos e cidadáns en todo o mundo ten que ver co impacto das nosas actividades sobre a natureza. Vivimos nun fogar común co resto dos seres vivos, a Terra, un lugar que nos proporciona todo o que necesitamos, pero é preciso buscar un equilibrio entre o uso dos recursos e a conservación do medio ambiente para garantir o sustento das xeracións futuras.

A Organización de Nacións Unidas decidiu, no ano 2009, celebrar cada 22 de abril o Día Internacional da Nai Terra (unha expresión utilizada en moitos países), en recoñecemento da necesidade de concienciar sobre a importancia de coñecer o planeta e protexelo, e a todos os seus habitantes. Para iso invita anualmente a todos os países, rexións, organizacións non gobernamentais e á sociedade en xeral a celebrar o Día da Terra e emprender iniciativas relacionadas con este tema.

Antes desta resolución da ONU, algúns países xa tiñan esta data no seu calendario, coordinados por organizacións con influencia global como a Rede Día da Terra (EDN, polas súas siglas en inglés). A EDN programa cada ano unha campaña cun obxectivo concreto, e o que propón no 2018 é acabar coa contaminación provocada por plásticos. Estes materiais, cada vez máis presentes nas nosas vidas, teñen o seu impacto máis sensible sobre o medio mariño e as especies que o habitan, pero tamén algúns dos compostos que conteñen os plásticos poden afectar ao funcionamento das hormonas nos seres humanos e outros animais.

O noso estilo de vida actual xera unha gran cantidade de lixo plástico, derivado, entre outras cousas, de numerosos obxectos refugables, como botellas, bastoncillos de algodón, cui-



FRANCIS R. MALASIG / EFE

Un canal ocupado por lixo plástico en Manila. Filipinas é, segundo Greenpeace, o terceiro país asiático que máis plástico guinda aos océanos

ros, envases de alimentos e outros produtos domésticos. Cada ano úsanse en todo o mundo 500.000 millóns de bolsas de plástico e cómpranse un millón de botellas deste material por minuto, por poñer algúns números.

Campañas como a do Día da Terra buscan concienciar á poboación sobre a necesidade de reducir o consumo de obxectos de plástico, así como de reutilizar e reciclar. Tamén se insta aos Gobernos e á industria a apostar pola

procura de materiais biodegradables que substitúan aos plásticos actuais, a maioría fabricados a partir de derivados do petróleo.

> Susana Pérez

O mar como vertedoiro

A expedición científica Malaspina percorreu os océanos de todo o mundo entre os anos 2010 e 2011 recollendo máis de 3.000 mostras a diferentes profundidades para estudar o impacto do cambio climático na vida mariña. Ao analizar as mostras atopáronse cunha sorpresa, e é que en todas elas aparecían restos de plástico. Cos datos recolleitos realizáron un mapa da contaminación por plástico na superficie do mar e, aínda que o atoparon en todos os lugares que visitaron, identificaron cinco grandes zonas onde se concentraban nos océanos Pacífico, Atlántico e Índico. As localizacións destas acumulacións de residuos plásticos coinciden cos chamados xiros subtropicais, grandes correntes de auga circulares que transportan os refugalllos que van recollendo das costas.

Calculábase que chegan anualmente polo menos oito millóns de toneladas de plástico aos océanos, un medio no que supoñen un risco para moitos animais que poden enredarse nestes desproveitos. Tamén poden ser ingeridos, como ocorre en ocasións coas tartarugas, que poden confundir as bolsas de plástico coas medusas das que se alimentan. Ademais, o plástico degrádase lentamente e vanse formando pequenas partículas que acaban no interior dos peixes e invertebrados, ingresando así na cadea trófica.



MÓNICA FERREIROS

Plásticos deixados polo mar na praia de Ventín (Muros)



actividades

■ **Calcula a túa pegada.** Botellas, bolsas, envoltorios de alimentos, cepillos de dentes, cubertos... A lista de obxectos cotiáns que usamos de forma máis ou menos habitual é moi longa. Podes calcular o teu consumo na ferramenta en liña dispoñible na páxina de Earth Day Network (EDN). Poderías reducir o uso dalgúns deses obxectos de plástico?

■ <https://www.earthday.org/plastic-calculator/>

■ **«Mar de plástico».** O Aquarium Finisterrae da Coruña exhibe unha exposición que pretende concienciar aos cidadáns sobre o gran problema ecolóxico, ambiental e socioeconómico que supón o lixo plástico mariño. «Mar de plástico»

contén 85 obras artísticas realizadas con materiais recuperados como lixo nas praias galegas. Foron creadas coa colaboración da asociación Mar de Fábula e o colectivo RetoqueRetro.

■ <http://es.mc2coruna.org/2018/01/mar-de-plastico.html>

■ **Voluntarios contra a contaminación mariña.** Mar de Fábula é unha asociación sen ánimo de lucro dedicada á conservación do océano. Os seus voluntarios levan a cabo actividades de limpeza de praias e sensibilización pública sobre o problema ecolóxico que supón o lixo mariño. Podes coñecer as súas numerosas iniciativas na súa páxina web:

■ <http://www.mardefabula.org/>

CORRECCIÓN DE ERRORES

En un pie de foto publicado a pasada semana en a páxina 7 de este suplemento se decía que el primer parque eólico de Galicia fue el instalado en el paraje de cabo Vilán. El profesor doctor Manuel Lara Coira nos hace saber que unos años antes, en 1987, se había inaugurado oficialmente el parque eólico de Estaca de Bares.

ADJETIVOS CALIFICATIVOS: PERPETUO

Sometidos a vigilancia perpetua

Alberto Durero fue el primer pintor en hacerse autorretratos. Analizando su conjunto podemos distinguir lo que cambia y lo que permanece. Por ejemplo, en los que pintó cuando tenía 13 y 22 años se presenta con el pelo liso o algo ondulado, pero más bien descuidado; sin embargo, en los realizados a los 26 (Museo del Prado) y a los 28 (el que se reproduce), luce unos primorosos rizos que parecen propios de una permanente, y que al pintarlos ha convertido en perpetuos. Se ve que le gustaban, pues los trató con suma minuciosidad, casi pelo a pelo. La posición frontal de la figura permite una mirada fija, directa y un tanto incómoda para el espectador, sin pestañear en absoluto (es un mirar permanente y perpetuo) y el resultado supone el inevitable recuerdo de una imagen de Jesucristo.

Y ahora saltamos. En el centro de la *Mesa de los pecados capitales* del Bosco, un pintor contemporáneo de Durero, hay una imagen del Cristo resucitado con la leyenda que advierte: «Cave, cave, Dominus videt» (Cuidado, cuidado, Dios lo ve), un lema que, al menos desde el siglo XVII, escuchamos desarrollado en aquella letanía: «Mira que te mira Dios, mira que te está mirando, mira que te has de morir, mira que no sabes cuándo». Eso es la vigilancia perpetua. Quizás a la que hacía referencia Curran, que era hombre de leyes, en la frase que se recoge en la relación.

Decía que el pelo de Durero pareciera que llevaba la permanente. Nada de eso. En sentido estricto aún no se había inventado. El procedimiento para tener unos rizos duraderos es de hace un siglo, e implica deshacer la estructura interior del cabello, rompiendo los enlaces entre las cadenas de la proteína que tiene (una queratina rica en azufre) y luego restablecerlos, una vez se dio al pelo la forma deseada. La clave de la forma (liso, ondulado o rizado) está en esos enlaces de azufre, cuya ruptura se consigue por vía química y térmica. Antes lo humedecían con un álcali suave (una mezcla de orina de vaca y agua), y luego colocaban unos rulos para enroscarlo por mechones y aplicaban unas pinzas cilíndricas calientes. La permanente tuvo éxito en los años veinte y siguientes del pasado siglo y es por ello por lo que, en la revista *Las*



La leyenda que figura a la derecha dice en latín: «Yo, Alberto Durero de Núremberg, así me retraté a mí mismo con los colores permanentes a los 28 años de edad». «Autorretrato» (1500), Alberto Durero. Pinacoteca Antigua de Múnich


Leandras, Pichi cantaba aquel chotis que decía «Anda y que te ondulen con la permanén, y pa suavizarte que te den col crem». Nos queda claro que eran épocas en las que el ondulado permanente estaba de moda, así como el empleo de la *cold cream*, una crema hidratante que llegó a España en 1927. Si se han de tener cuidados con el pelo y la piel, es precisamente porque nada permanece. Como decía el oscuro Heráclito de Éfeso, todo cambia.

Y en esas estamos. ¿Hay algo perpetuo? Los científicos niegan la posibilidad de la existencia de un móvil perpetuo, es decir, una máquina que pudiera funcionar sin aportarle energía. Lo prohíben las leyes de la termodinámica. Todo lo que se consume se acaba. ¿Y entonces no es posible el fuego eterno del infierno? Eso es

La vigilancia a la que nos exponemos en Internet es permanente, y quizás perpetua

cosa de fe, y no de la termodinámica, por ello podemos expresar la compasión a los difuntos con aquel deseo que muchos conocen gracias a Mozart: *Requiem aeternam dona eis, Domine, et lux perpetua luceat eis*. Descanso eterno y luz perpetua. Es curioso que los deseos, buenos y malos, quieran expresarse a perpetuidad. En el debate sobre lo que han de durar las penas de privación de libertad se ha planteado la cuestión de si perpetuo y permanente son palabras sinónimas. Parece que no. Lo que permanece es constante, y perpetuo es lo que dura para siempre. Últimamente comenzamos a ser conscientes de lo que significa poner nuestras opiniones, nuestra imagen, nuestros recuerdos, en una nube que no sabemos muy bien dónde está ni dónde ni cuándo lloverá. Y quizás es más indeleble de lo que pensamos. La vigilancia a la que nos exponemos, más o menos voluntariamente, en la Red es permanente, y quizás perpetua. *Cave, cave, Internet legit et custodit*.

> Moncho Núñez Centella




actividades

1. Busca una reproducción del cuadro «Mesa de los pecados capitales», e identifica en él cómo ilustra el Bosco la soberbia, la avaricia, la lujuria, la gula, la ira, la envidia, la pereza. Empareja cada uno de ellos la virtud opuesta: templanza, diligencia, castidad, humildad, generosidad, caridad, paciencia.

2. Con imágenes que encuentres en Internet haz una exposición que trate de reflejar los peinados a finales del siglo XV. ¿Existe alguno de ellos que podría pasar inadvertido en nuestros días?

3. El término «cadena perpetua» hace referencia a un castigo que existía en códigos penales del siglo XIX, por el cual al condenado se le encadenaba de por vida a un muro o a un gran peso, como una bola de hierro. La expresión se sigue utilizando para la pena de prisión de libertad indefinida. Trata de ver la película que con ese título se estrenó en España. Es para los críticos una de las mejores de la historia del cine.



Esquema de un movimiento perpetuo según Robert Boyle

4. En física se proponen a veces experimentos mentales para demostrar la imposibilidad de un móvil perpetuo. Trata de explicar por qué no existe un barco que funcionase tomando agua del mar por la proa, a una temperatura digamos de 15 grados, y tuviese una máquina que le quitase calor, con lo que la dejaría salir por popa a 12 grados. El calor obtenido se transformaría en energía para mover el barco, sin consumir por tanto combustible alguno.

Palabras con historia

El precio de la libertad es la vigilancia perpetua

John Philpot Curran (1750-1817)

Nada es perpetuo y pocas son las cosas duraderas

Lucio Anneo Séneca (4 antes de Cristo-65)

El amor y el odio no son perpetuos

Quilón de Esparta (circa 579 antes de Cristo)

Será perpetuo esclavo quien no sabe contentarse con poco

Quinto Horacio Flaco (65-8 antes de Cristo)

La vida es un perpetuo movimiento que, si no puede progresar en línea recta, se desenvuelve circularmente

Thomas Hobbes (1588-1679)

No tenemos aliados permanentes ni tenemos enemigos perpetuos. Solo nuestros intereses son permanentes, y es nuestro deber perseguirlos

Henry John Temple, Lord Palmerston (1784-1865)

El arte es el movimiento perpetuo de la ilusión

Bob Dylan (1941)